



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN
CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE
CURROS ENRÍQUEZ NO ANO 2018**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de diversas actividades culturais durante o ano 2018 que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez.

Actuacións:

1-PROGRAMA ESCOLAR “VÉN COÑECER A CELANOVA DE CURROS E CELSO EMILIO”

Trátase dun programa escolar no que se fai un percorrido guiado pola vila de Celanova a través dos textos dos escritores nativos.

2- ROTEIROS CULTURAIS POR CELANOVA E OS SEUS ARREDORES

No ano 2018 vaise traballar co programa “Celanova: pedra e poesía” e “Celanova: un paseo pola historia de Galicia”.

3- X XORNADA DE CONVIVENCIA “CURROS ENRÍQUEZ” EN CELANOVA





Trátase de promover a celebración dunha xornada de convivencia cos centros de toda Galicia que leven o nome do poeta Manuel Curros Enríquez.

4- VIAXES CULTURAIS A ESPAZOS LITERARIOS

O obxectivo das viaxes culturais é dar a coñecer o resto de escritores galegos e portugueses contemporáneos dos poetas de Celanova e colaborar na difusión doutras asociacións e fundacións literarias.

5- ENTREGA XXXIV PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”

O domingo seguinte ao aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro, celébrase anualmente o acto da entrega do premio “Celanova Casa dos Poetas”.

6- LUDOTECAS PARA OS MÁIS PEQUENOS

O obxectivo das ludotecas é o fomento da lectura, acompañado de traballos manuais e sesións de contacontos.

7- PRESENTACIÓN DE LIBROS E AUDIOVISUAIS

Este ano están previstas as presentacións de “La selva dorada”, de Juanjo Lamelas; “En la casa grande”, de Carmen Martínez Coello; “Mirequelledigo. Crónicas dun filósofo tabernario”, de Manoel da Costa; e “As sete mortes de Leopoldo Pardo”, de Jorge Emilio Bóveda.

8- EXPOSICIÓNS

As exposicións previstas para o ano 2018 son as seguintes: “Xogos de fíos”, de Lorena Quintas; mostra de pintura de Xulio Fuentes; e “Mujeres en vanguardia. La Residencia de Señoritas en su centenario”, organizada por Acción Cultural Española.

9- VISITAS TEATRALIZADAS NOCTURNAS POLO MOSTEIRO DE CELANOVA E VILANOVA DOS INFANTES

Co fin de promover o coñecemento do patrimonio da vila, a Fundación Curros Enríquez organiza este ano varias visitas teatralizadas nocturnas polas dependencias do Mosteiro de San Salvador de Celanova e en Vilanova dos Infantes.

10.- OBRADOIRO DE POESÍA VISUAL





A Casa dos Poetas acollerá este ano 2018 un obradoiro de poesía visual impartido por Xosé Poldras, no que a fotografía e a poesía uniranse para crear unha obra metafórica visual da mensaxe do autor.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Fundación Curros Enríquez é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión da obra do escritor.

Polo que a Fundación Curros Enríquez é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

